

Un poema de Eduardo Garatea*

Julio Ortega

Lamento non poder dar máis novas sobre Eduardo Garatea (1941-1985), o xove poeta galego totalmente descoñecido que presentei ós lectores recentemente. Algúns poetas non menos descoñecidos escribíronme á Brown University para disputar, din, a sona inmerecida que estou a fabricar para Garatea, cando hai outros tan perfectamente inéditos coma el. César Antonio Molina advertiume que estou nun erro: Garatea, asegura, non é tan inocente como o presento e si prodigou versos en revistas prescindibles dos anos setenta. Prefiro crer que a súa obra é perfecta, isto é, nunca escrita, pero estou disposto a estudar os poemas de Garatea que me envíen. Tratarei de recoñecer se son autenticamente seus, meros fraudes literarios ou atribucións abusivas.

Dediquei este verán a investigar as pegadas, de haber algunha, do reluctantante poeta, que foi alumno casual de Filoloxía en Santiago de Compostela antes de pasar, fugazmente, por Brown. Díxome Darío Villanueva que recordaba, na súa clase, a un tal Garatea, talvez fillo ou neto dun indiano de Pontevedra. Nunha clase dedicada ó soneto «Escrito está en mi alma vuestro gesto», algún estudante indoctrinado coas teorías da hora, de calquera hora, dictaminou que o poeta expresaba o poder da caste militar dominante dos casteláns daquela. Garatea demostrou, asegura Villanueva, que o poema podía ser moitas cousas para cada lector pero era, antes que nada, dunha limpidez lírica onde o escrito (na alma ou na páxina) ocorre como un milagre que a penas podemos ler. Nese comentario parece recoñecer, en efecto, a rara intelixencia poética de Eduardo Garatea.

A Xunta de Galicia propúxome a publicación dun álbum cos meus achados pero non podo, neste momento, prometer esa edición; aínda que coa axuda dos colegas e estudantes preocupados podería ir reunindo materiais. Polo de pronto, Pedro Sorela púxome sobre o rastro duns panfletos mimeográficos de folguistas da Universidade de Compostela. Gracias a esa pista podo hoxe dar a coñecer o primeiro poema publicado de Eduardo Garatea no único número da folla efémera *Calle Roma* (Vigo, 1979). Baixo o título «Un poema de E. Garatea» vén o que segue:

Trátase efectivamente, dun poema en branco. Tamén se podería dicir que o noso poeta asinou un espacio baleiro. Pero, igualmente, cabería sospeitar que subscribe

(*) Traducido do catalán por Blanca-Ana Roig Rechou.

un baleirado da linguaxe como se tivese practicado unha verdadeira incisión na fala para nos presentar un oco nela. Lin (é un dicir) moitas veces este poema procurando interpretar o seu sentido e cheguei á modesta conclusión de que algunhas explicacións son posibles en canto á intención do poeta (ninguén publica un baleiro inocentemente), de tal xeito que ben podería tratarse dunha «poética», isto é, dunha hipótese sobre a creación verbal; pero decátome así mesmo de que hai distintas interpretacións do poema, de acordo coa metodoloxía crítica que o autor queira aplicar. Sospeito, claro, que a lectura filolóxica (a arte de ler de vagar) ou a explicación de textos (a noción de que cada elemento remite a outro) poderían botar moi pouca luz sobre este texto (tecido) descontextualizado (¿destecido?) como o seu exacto revés. Porque se ben non é necesariamente un acto de fala si é, en cambio, un elocuente acto de desescripción. Luís Martul prefire crer que se trata dun palimpsesto que, tachado, revelaría un poema de Rosalía de Castro, pero a súa conclusión parécese irónica.

Nunha rápida enquisa entre colegas e amigos comprobei algunhas interesantes posibilidades. Segundo José Angel Valente o poema declara a influencia indeleble de Manuel Antonio, onde estamos ante unha mudez insondable, a do propio mundo asomándose á linguaxe. Garatea, iluminado polas barcas que desaparecen nos poemas do fundador, recoñecería que as palabras buscan revelar o espacio, e estaría dicíndoo nesta homenaxe ó entrañable mestre. En cambio, Julián Rfos sospeita que o poeta mozo está declarando o abismo que se perpetuou, lamentablemente, entre a lingua poética plena e a mera oralidade estival. Escribir un poema, afirma el, é caer nese abismo. Na brecha aberta entre a memoria gañada dunha fala propia e a oficialidade rexional de case todo esquecemento. Para Ignacio Uzquiza o poema sería unha saudade: a de enmudecer na páxina pública en nome dun idioma improbable pero máis certo.

Julia Castillo atopa no poema a pegada íntima de José Angel Valente. É certo que Valente non se comprace no nume poético, explica ela, pero tódolos elementos deste poema de Garatea están xa, punto por punto, na poética do dicir máis breve do autor das *Cantigas de Alén*: o título xenérico, o espacio desdoblado, o dobre fondo antiliterario, a apelación ó lector como fornecedor do sentido. Carmen Ruíz Barrionuevo sospeita que o espacio en branco non é un baleiro senón unha pausa entre dous textos, entre dous libros, entre dúas épocas; así, ese branco non sería un espello, que comprace ós lectores, senón un cruzamento de camiños, que permite a tábula rasa doutra lectura.

J. Leyva, pola súa banda, confíame que o branco é, en si mesmo, unha figura que forma parte da xeometría interior da biografía, que el auscultou no seu relato colectivo; e que, no caso non menos elíptico de Garatea, poderíase cualificar como un paradoxo antirretórico ou unha circularidade descentradora. Trataríase, daquela, dun poema cóncavo, no oco, onde a linguaxe no canto de desaparecer, en verdade repousa, aniñando para unha nova identidade.

En cambio, Eduardo Subirats cre que Garatea refuta dun golpe, a obra completa de Vargas Llosa. O pobre autor do poema baleiro sería, en verdade, un satírico: atrévese co peruano porque o asume como o autor do libro anual, das memorias espello, das obras completas para sempre incompletas. Ninguén escribiu máis que Vargas Llosa, conclúe, e ninguén escribiu menos que Garatea.

Begoña Sío suxeríume unha pista máis intrigante: talvez Garatea está levantando unha homenaxe á primeira enunciación, que se articula aquí como a última. A primeira palabra (aprendizaxe da fala) tería, así, a ocorrencia da última (afasia da linguaxe). Co cal, pensa ela, o noso poeta estaría declarando a orixe adámica e o final apocalíptica da fala nun poema que cita á linguaxe enteira e que, no mesmo acto, a borra.

Pola miña parte, limítome a consignar a opinión meditada destes amigos. Aínda engado que Minia Bongiorno preguntoume se penso traducir este poema ó inglés e se me decato dos novos problemas retóricos que semellante empresa conlevaría. Antonio Gómez, pola súa parte, recoméndame o alemán, máis imperturbable nestes asuntos de poética antiaristotélica. Non o sei. Prefiro que o lector decida. Despois de todo, Eduardo Garatea cría nunha lírica que deixaba tódalas iniciativas ó desocupado lector.

Julio Ortega
Brown University, Providence, Ri USA